

CONTRATACIÓN DE 4 AUXILIARES AXUDA NO FOGAR	
12/02/18	Ultimo día para aportar documentación para baremar.
19/02/2018	Listado de admitidos e excluídos.
20/02/18	Reclamación ao listado de admitidos e excluídos
21/02/2018	Listado provisional
22/02/18	Reclamación ao listado provisional
27/02/2018	Listado definitivo
	Data probable de contratación: 1 de marzo de 2018 Duración do contrato: Ata 31/12/2018 (posibilidade prórroga polo mesmo período de tempo) Xornada laboral: completa

1.- Documentación mínima que teñen que aportar para participar no proceso de selección:

- ⑩ Fotocopia do DNI, debidamente cotexada.
- ⑩ Declaración de veracidade.
- ⑩ Titulación mínima exigida: graduado escolar ou equivalente
- ⑩ Estar en posesión dalgún dos seguintes cursos, certificados ou títulos:

1. Curso de axuda no fogar, cun mínimo de 445 horas ou Certificado de profesionalidade (requisito non puntuable)
2. Curso de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio ou/en Institucións Sociais ou certificado de profesionalidade (requisito non puntuable).
3. Técnico en coidados auxiliares de enfermaría (requisito non puntuable)
4. Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente a técnico de atención sociosanitaria (requisito non puntuable)

- ⑩ Permiso de conducir B1

2.-Motivos de exclusión do proceso de selección:

- ⑩ Non aportar a documentación mínima esixida

3.- Documentación que poden aportar para acadar méritos:

⑩ Experiencia profesional:

1.- Por servizos prestados en calquera administración pública na mesma categoría a que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

2.- Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

⑩ Minusvalidez do solicitante compatible co posto de traballo, igual ou superior ao 33% (1 punto)que se acreditará mediante certificado de grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

⑩ Cursos de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación tripartita para formación ou sindicatos, e relacionado coas funcións propias da categoría:(máximo 3 puntos)

De 40 a 100 horas	0,10 puntos/curso
De 101 a 300 horas	0,40 puntos/curso
De 301 a 500 horas	0,60 puntos/curso
De 501 horas en diante	1,00 puntos/curso

⑩ Titulación académica distinta a solicitada como requisito imprescindible para o acceso (só se computará a titulación de máis nivel das alegadas):

Título de doutor/a	1,75 puntos
Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro	1,50 puntos
Título de enxeñeiro/a, técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a	1,25 puntos
Título de COU, Título de técnico especialista obtido en FP de 2º grado, Título de Bacharelato actual, Ciclo formativo de grado superior ou equivalente	0,75 puntos
Graduado en secundaria, 2º BUP superado, Título de técnico auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grado, ciclo formativo de grado medio ou equivalente	0,50 puntos
Graduado escolar, 2º da ESO superado	0,25 puntos

⑩ Coñecemento acreditado do idioma galego acreditado polos cursos e titulacions homologadas pola Xunta de Galiza.(só se valorará o grado superior alegado)

Iniciación	0,50 puntos
Perfeccionamento	0,75 puntos
Especialización	1,00 puntos